



## GRUPO MUNICIPAL DE TEO

---

### MOCIÓN SOBRE O PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE TEO (PXOM) E A SÚA TRAMITACIÓN

---

O proceso para a redacción do PXOM de Teo pretendeuse vender desde un principio como unha empresa colectiva de todos os cidadáns e de todas as forzas políticas do concello, un proceso no que todos e todas teríamos a oportunidade de opinar e no que se garantiría a transparencia e a igualdade de oportunidades.

Dous anos despois de iniciado este proceso pode afirmarse, sen lugar a dúbidas, que a coalición de goberno formada polo Partido Popular e os Independentes de Teo teñen dado todos os pasos necesarios para facer da redacción do PXOM un proceso escuro, controlado polo acceso á información privilexiada, falto do necesario control político por todas as forzas que integran o Pleno Municipal e condicionado, exclusivamente, pola forzas que compoñen a coalición de goberno.

Unha coalición que goberna grazas a 18 votos (da emigración, para ser exactos), asume en exclusiva os criterios de redacción dun PXOM pensado para 8 ou 10 anos, e que en principio debera ser un documento colectivo, no que toas as forzas aportaran e se sentiran partícipes, e que dera garantías e estabilidade aos cidadáns de Teo de cara ao futuro, fora cal fose o resultado das próximas eleccións municipais.

Neste momento, co documento base entregado precipitadamente na Consellería, agardando que unha Xunta de Galiza en funcións dea o visto bo a un proxecto sen prever as consecuencias cara o futuro, **os grupos políticos que forman a Corporación de Teo aínda non tiveron a posibilidade, tan sequera, de expoñer as súas posicións, de dar as súas opinións con respecto ao Plan.** A coalición de goberno levou ao límite a normativa legal para conseguir que o Avance do PXOM, o documento no que se fixan as directrices básicas de actuación, non pasara polo Pleno Municipal.

**Ademais agora, xa entregado na Consellería, négase a facilitar á oposición o documento base para que as distintas forzas políticas poidan facer o estudo detallado, sereno e sensato que a redacción dun PXOM para unha década demanda.** A información facilitada limitase a dúas sesións (falta unha) na que se expoñen de forma xenérica as grandes liñas do PXOM, sen acceso a detalles, sen documentos escritos, sen posibilidade de opinar, sen posibilidade de que as forzas políticas que representan ao 50% da poboación de Teo sexan tidas en conta.

Os veciños de Teo denuncian ademais o uso que da información privilexiada con respecto ao PXOM se fixo, consecuencia da falta de transparencia que debe rexer a redacción dun Plan no que tantos cartos se poñen en xogo. Se alguén tivo a intención de conseguir un PXOM para Teo que favorecese á colectividade, no que todos e todas participáramos, fixo exactamente todo o contrario do que debería facer para conseguilo.

Por último, semella un despropósito e unha provocación que un goberno cunha maioría social tan precaria agache o proxecto do PXOM e non lle ofrezca a súa posibilidade de estudo á oposición ata que este se poña en información pública, ao mesmo tempo que a calquera cidadán que só ten que estudalo desde un punto de vista particular.

**En consecuencia, o GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

- 1. Poñer a disposición de todas as forzas políticas da Corporación Municipal de Teo o proxecto de PXOM realizado pola empresa encargada do mesmo, posibilitando así o se estudo, a súa valoración e a posibilidade de propostas complementarias ou alternativas que enriquezan o proxecto, antes da súa exposición a información pública.**
- 2. Convocar un Pleno extraordinario, ou incorporar na orde do día dun Pleno Ordinario, a discusión e valoración do documento redactado sobre o PXOM, de xeito que as aportacións das distintas forzas políticas poidan ser tidas en conta e/ou incorporadas antes da exposición pública ao conxunto da cidadanía.**

En Teo, a 7 de xullo de 2005

Asdo.: Rafael Sisto Edreira  
Portavoz Municipal suplente do BNG

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE TEO**